



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión da innovación

Materia	Xestión da innovación			
Código	004G020V01906			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Gueimonde Canto, Ana Isabel			
Profesorado	Gueimonde Canto, Ana Isabel			
Correo-e	agueimonde@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/			

Descrición xeral As empresas desenvolven as súas actividades nunha contorna globalizada e, xa que logo, dinámica e complexa, que está en constante evolución e pola que flúen grandes cantidades de información. Para poder sobrevivir e progresar nesta contorna altamente competitiva, a innovación convértese nun elemento chave para a organización, independentemente da súa dimensión e do sector no que opere. A innovación non ten por que referirse, necesariamente, a grandes proxectos e logros, senón que pequenas modificacións en produtos, servizos, procesos ou organizativas ou comerciais poden representar unha importante vantaxe competitiva para a empresa. En calquera caso, resulta de vital importancia, sobre todo no caso das pequenas e medianas empresas, instaurar o espírito innovador na cultura da organización, de tal xeito que todos os axentes que a integran sexan conscientes de que se pode incrementar o seu potencial de innovación se se dedican suficientes recursos e capacidade directiva a xestionar un proceso ao que se ten que conferir natureza estratéxica.

Esta materia ten como obxectivo que o alumnado adquira os coñecementos, técnicas e destrezas necesarias para realizar unha correcta xestión empresarial da innovación, na que se consideren os procesos de innovación como procesos estratéxicos, así como para unha adecuada interacción e aproveitamento de sinerxías cos diferentes axentes do sistema de I+D+i e con outras organizacións.

Con esta materia preténdese capacitar ao alumnado para levar a cabo actividades relacionadas coa xestión da innovación e a tecnoloxía en calquera tipo de organización.

Competencias

Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
C5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
C12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais
C16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante
D2	Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas
D5	Motivación pola calidade e mellora continua

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Identificar e valorar o proceso de xestión da innovación nunha empresa.	B1 B5 B9 B10	C16	D2
Identificar e valorar os elementos dun sistema de innovación.	B1 B9	C5 C16	
Situar no proceso empresarial as distintas ferramentas e métodos útiles para a xestión da innovación.		C12	D5
Identificar os problemas de xestión da innovación que se suscitan nas empresas, e saber utilizar os principais instrumentos existentes para a súa resolución.	B1 B10	C12	
Identificar diferentes tipos de innovacións e diferentes tipos de tecnoloxías susceptibles de ser aplicadas e empregadas polas organizacións.		C5	

Contidos

Tema

TEMA 1. A INNOVACIÓN. CONCEPTUALIZACIÓN E MEDICIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto de innovación 2. Investigación, Desenvolvemento e Innovación 3. Invención, innovación e difusión 4. Retraso desde a invención á innovación 5. Retraso desde a innovación á difusión 6. A importancia da innovación na economía 7. Medición da innovación
TEMA 2. A INNOVACIÓN. TIPOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tipoloxías de innovación
TEMA 3. A INNOVACIÓN. ENFOQUES E ESTRATEXIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tipoloxías de estratexias de innovación
TEMA 4. A TECNOLOXÍA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Definición de tecnoloxía 2. O ciclo de vida da tecnoloxía 3. Concepción sistémica das tecnoloxías 4. Tipoloxías de tecnoloxías 5. A necesidade de xestionar os recursos tecnolóxicos
TEMA 5. O PROCESO DE INNOVACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Orixe do proceso de innovación 2. Principais modelos <ul style="list-style-type: none"> - Modelo linear - Modelo de Kline-Rosenberg - Modelo de innovación aberta
TEMA 6. PROTECCIÓN DAS INNOVACIÓNS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Segredo empresarial 2. Know-how 3. Propiedade intelectual 4. Propiedade industrial <ul style="list-style-type: none"> - Patentes - Modelos de utilidade - Deseños industriais - Signos distintivos
TEMA 7. METODOS E FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DA INNOVACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Creatividade 2. Xestión de proxectos 3. Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva 4. Xestión do coñecemento 5. Auditoría tecnolóxica
TEMA 8. OS SISTEMAS DE INNOVACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os sistemas de innovación e os seus axentes. 2. Políticas públicas de apoio á innovación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	23	36	59
Resolución de problemas	27	27	54
Traballo tutelado	0	35	35
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Introduciranse os contidos fundamentais da materia mediante clase maxistral, apoiada con transparencias, vídeos e outros medios.

Resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Formularanse cuestións de razoamento e debate, a fin de fomentar a participación do alumnado na aula e o seguimento da información da actualidade empresarial no ámbito da innovación. - Analizaranse casos prácticos relacionados co temario que, ademais de axudar á súa comprensión, permitan mellorar a capacidade de expresión, análise e reflexión sobre a realidade da innovación dentro da empresa. - Proporanse lecturas complementarias para ilustrar e ampliar os temas tratados en clase. Pedirase ao alumnado a realización de pequenos traballos de síntese e crítica de ditas lecturas, para favorecer as súas capacidades analítica e crítica, de expresión escrita e de estruturación e síntese da información.
Traballo tutelado	O alumnado elaborará un traballo sobre unha innovación, titorizado pola profesora. Alén de procurar a aplicación dos conceptos tratados en aulas a unha concreta innovación, con este traballo procúrase a mellora das capacidades de expresión escrita e busca e manexo da información.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Supervisión e atención ao proceso de adquisición das competencias da materia polo estudiantado.
Traballo tutelado	O traballo de curso que debe realizar o alumnado consta de 2 entregábeis. Tras a primeira entrega, a docente corruxirá o traballo e achegará propostas de melloras e correccións sobre os seus contidos e desenvolvemento. O alumnado deberá ter en conta estas suxestións para a segunda entrega do traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Avaliación continua ao longo das sesións presenciais do curso. Consiste na resolución, de maneira individual ou en grupo, de cuestións expostas, orientadas e supervisadas polo profesorado, sobre a materia. Avaliarase a participación do alumnado e a comprensión da materia.	40	B1 B9 B10	C12 C16	D2
Traballo tutelado	Avaliación do traballo de curso. É preciso obter como mínimo un 5 sobre 10 na cualificación deste traballo.	30	B5 B9 B10	C16	D2 D5
Exame de preguntas obxectivas	Exame a celebrar a final de curso, na data oficial establecida polo centro. É preciso obter como mínimo un 5 sobre 10 nesta proba.	30		C5 C12	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

- **Primeira oportunidade (xaneiro):**

- **Alternativa a)**

- Avaliación continua segundo os criterios de avaliación arriba expostos. Enténdese que os estudantes que teñan algunha cualificación nalgunha das actividades obxecto de avaliación seguen a avaliación continua e optan, por tanto, por este sistema de avaliación.

- **Alternativa b)**

- So para os estudantes que non teñan seguido a avaliación continua. Exame global dos contidos da materia. A cualificación do exame será o 100% da nota final.

- **Segunda oportunidade (xuño-xullo):**

- **Alternativa a)**

- Para os estudantes que teñan seguido a avaliación continua e non teñan superado o exame e/ou o traballo de curso. Poderán recuperar exame e/ou traballo suspendidos, na data oficial de xuño-xullo establecida para a avaliación da materia.
- O alumnado que se atope nesta situación terá unha cualificación de suspenso na primeira oportunidade (xaneiro). A nota numérica que lle aparecería en actas na primeira oportunidade (xaneiro) sería a correspondente á media ponderada das diferentes probas de avaliación, e en caso de que a media dese aprobado, apareceríalle unha cualificación de 4,9.

o **Alternativa b)**

- Exame global dos contidos da materia en xuño-xullo. A cualificación do exame será o 100% da nota.

Estrutura dos exames do 100% (Alternativas b):

- o Unha primeira parte de cuestións relativas a conceptos básicos da materia. Será necesario obter unha nota mínima (7 sobre 10) nesta parte da proba para poder realizar a seguinte parte.
- o Unha segunda parte consistente en cuestións de relacionamento, casos prácticos, exercicios, preguntas tipo tema, etc.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-2021.

No caso de conflito ou disparidade entre datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Observación importante:

Calquera evidencia de probas ou traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso na materia na convocatoria na que se detecte a copia ou plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fernández Sánchez, Esteban, **Estrategia de innovación**, Paraninfo, 2005

Hidalgo Nuchera, Antonio; León Serrano, Gonzalo; Pavón Morote, Julian, **La gestión de la innovación y la tecnología en las organizaciones**, Pirámide, 2008

Tidd, Joe; Bessant, John, **Managing Innovation: Integrating Technological, Market and Organizational Change**, John Wiley & Sons Inc, 2013

Davila, Tony; Epstein, Marc J.; Shelton, Robert, **Making Innovation Work. How to Manage It, Measure It, and Profit from It**, Pearson Education, 2013

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/O04G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/O04G020V01203

Historia: Historia económica/O04G020V01103

Dirección estratéxica/O04G020V01503

Teoría da organización/O04G020V01505

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Esta guía contempla modificacións para os seguintes escenarios:

MODALIDADE MIXTA

As clases serán impartidas presencialmente e de forma on-line, a través de Campus Remoto e a plataforma Faitic, seguindo as directrices establecidas pola UVigo.

A metodoloxía e criterios de avaliación serán os recollidos nesta guía.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

En caso de que non poda haber docencia presencial, realizaranse de modo on-line tanto as clases teóricas como as prácticas, a través de Campus Remoto e da plataforma Faitic, seguindo as directrices establecidas pola UVigo.

Respetaranse a metodoloxía e avaliación recollidas nesta guía.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención ao alumnado realizarase a través de comunicacións por e-mail e por videoconferencia (campus remoto da UVigo). Para a realización de videoconferencias será necesario acordar previamente a cita entre docente e alumno/a.
